ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN02	Farmacia e parafarmacia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0105	Promoción da saúde	2023/2024	0	157	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ RAMÓN VIDAL JUVIÑO,M. ESTHER NIETO CANO,MARÍA PILAR GARAY MARTÍNEZ,MARÍA SOLEDAD VILA RICO,PATRICIA CASTRO SANTOS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Promove hábitos de vida saudable, tendo en conta a relación entre os programas de promoción da saúde e a poboación diana.
RA2 - Desenvolve os programas de educación para a saúde e valora a súa incidencia na poboación usuaria.
RA3 - Interpreta controis analíticos sinxelos aplicando protocolos normalizados de traballo.
RA4 - Apoia psicoloxicamente a persoa usuaria, con identificación das súas condicións psicolóxicas e da pertenza ou non a un grupo de risco.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciouse entre promoción, prevención, protección da saúde, educación para a saúde e os seus compoñentes.
CA1.2 Identificáronse os niveis de planificación en saúde: plan, programa, proxecto e programación.
CA1.4 Describíronse as características propias dos estilos de vida saudables.
CA1.5 Sinaláronse con detalle as aliñas dunha programación de educación para a saúde.
CA1.8 Relacionáronse parámetros somatométricos básicos coa saúde e a doenza.
CA1.9 Describíronse técnicas de medición e manexo dos instrumentos e dos equipamentos utilizados.
CA1.11 Detallouse a participación en programas de mantemento con metadona e de prevención en doenzas adquiridas mediante o intercambio de xiringas.
CA2.1 Identificáronse os elementos dun programa de educación para a saúde.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA2.2 Describíronse os principais programas e proxectos de hixiene da alimentación.
CA2.3 Caracterizáronse os programas e os proxectos de hixiene sexual.
CA2.4 Clasificáronse as principais drogas de abuso, en función do seu perigo, a súa adición, os efectos secundarios, etc.
CA2.5 Identificáronse as pautas de actuación educativa en situacións de drogodependencia.
CA2.7 Analizouse a epidemioloxía de diversas doenzas transmisibles.
CA3.1 Detalláronse as condicións orgánicas idóneas das persoas usuarias para a toma de mostras.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de recipientes cos tipos de mostras e coas determinacións para realizar.
CA3.4 Interpretáronse protocolos de realización de controis analíticos en idiomas comunitarios, e valorouse a importancia dunha correcta manipulación das tiras reactivas.
CA3.8 Recoñeceuse a normalidade ou non dos resultados das determinacións analíticas.
CA4.1 Identificáronse os mecanismos de apoio psicolóxico e tipificáronse segundo a súa aplicación.
CA4.2 Diferenciáronse situacións que requiran atención específica.
CA4.3 Establecéronse e protocolizáronse mecanismos de apoio psicolóxico para cada tipoloxía.
CA4.4 Analizáronse as circunstancias psicolóxicas xeradoras de disfunción do comportamento.
CA4.5 Clasificáronse os principais tipos de disfunción do comportamento e os seus signos.
CA4.7 Déuselles prioridade aos comportamentos que deba desenvolver o persoal técnico para lograr unha perfecta relación coa persoa usuaria e lograr este apoio.
CA4.8 Establecéronse os principais mecanismos psicolóxicos de defensa da persoa.
CA4.9 Describíronse os principais factores dun cadro de estrés.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Promove hábitos de vida saudable, tendo en conta a relación entre os programas de promoción da saúde e a poboación diana.
RA2 - Desenvolve os programas de educación para a saúde e valora a súa incidencia na poboación usuaria.
RA3 - Interpreta controis analíticos sinxelos aplicando protocolos normalizados de traballo.
RA4 - Apoia psicoloxicamente a persoa usuaria, con identificación das súas condicións psicolóxicas e da pertenza ou non a un grupo de risco.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciouse entre promoción, prevención, protección da saúde, educación para a saúde e os seus compoñentes.
CA1.2 Identificáronse os niveis de planificación en saúde: plan, programa, proxecto e programación.
CA1.3 Valorouse a importancia do persoal técnico como axente de educación sanitaria..
CA1.6 Valorouse a importancia da información e do compromiso persoal e social para mellorar a saúde.
CA1.7 Determináronse parámetros somatométricos básicos (peso, talle, índice de masa corporal, etc.).
CA1.8 Relacionáronse parámetros somatométricos básicos coa saúde e a doenza.
CA1.9 Describíronse técnicas de medición e manexo dos instrumentos e dos equipamentos utilizados.
CA1.10 Efectuouse a limpeza e a conservación dos instrumentos e dos equipamentos de medición.
CA2.1 Identificáronse os elementos dun programa de educación para a saúde.

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA2.6 Valoráronse os programas de educación para a saúde como un elemento de mellora do benestar social.
CA2.7 Analizouse a epidemioloxía de diversas doenzas transmisibles.
CA3.1 Detalláronse as condicións orgánicas idóneas das persoas usuarias para a toma de mostras.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de recipientes cos tipos de mostras e coas determinacións para realizar.
CA3.3 Aplicáronse medidas de hixiene e de protección persoal durante a manipulación de mostras e durante o proceso analítico, consonte a lexislación.
CA3.4 Interpretáronse protocolos de realización de controis analíticos en idiomas comunitarios, e valorouse a importancia dunha correcta manipulación das tiras reactivas.
CA3.5 Eliminároнse residuos e materiais dun só uso conforme os protocolos de eliminación de residuos e aplicando a lexislación.
CA3.6 Limpáronse e desinfectáronse instrumentos e material segundo os protocolos.
CA3.7 Tívose en conta a importancia de deixar a zona de determinación en óptimas condicións para a súa próxima utilización.
CA3.8 Recoñeceuse a normalidade ou non dos resultados das determinacións analíticas.
CA4.2 Diferenciáronse situacións que requiran atención específica.
CA4.3 Establecéronse e protocolizáronse mecanismos de apoio psicolóxico para cada tipoloxía.
CA4.6 Valorouse a importancia do apoio psicolóxico por parte do persoal técnico e outros estamentos sociosanitarios.
CA4.7 Déuselles prioridade aos comportamentos que deba desenvolver o persoal técnico para lograr unha perfecta relación coa persoa usuaria e lograr este apoio.
CA4.8 Establecéronse os principais mecanismos psicolóxicos de defensa da persoa.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse mínimos exixibles todos os criterios de avaliación que veñen recollidos no currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico medio en Farmacia e Parafarmacia, agás os criterios de avaliación CA 1.3 e CA 1.6.

Polo que para superar o módulo, o alumnado deberá cumprir os seguintes mínimos exixibles:

- Diferenciar entre promoción da saúde, prevención, protección da saúde e educación para a saúde.
- Relacionar as accións preventivas co nivel de prevención (primaria, secundaria ou terciaria)
- Diferenciar os conceptos de saúde pública e saúde comunitaria.
- Coñecer os determinantes de saúde e a súa importancia en saúde pública.
- Coñecer os indicadores de morbilidade e mortalidade máis importantes, calculalos e interpretalos.
- Identificar os factores de risco en distintas enfermidades.
- Describir as características dos estilos de vida saudables e valorar a función do técnico en farmacia como educador sanitario e a importancia da eduación sanitaria para mellorar a saúde das poboacións.
- Realizar medicións de parámetros somatométricos (talla, peso, el cálculo do IMC) e constantes vitais (pulso, tensión arterial...), interpretando correctamente os resultados.
- Coñecer os elementos que interveñen a comunicación, así como as dificultades ou barreiras na comunicación.
- Entender a importancia da escoita activa e da comunicación asertiva no trato cos usuarios/pacientes e aplicalas en distintas situacións teórico-prácticas que se plantexen.
- Identificar os niveis de planificación e detallar as fases de elaboración dun programa de educación sanitaria e os elementos que o compoñen.
- Coñecer os hábitos hixiénicos saudables respecto da alimentación, hixiene persoal e sexual.
- Coñecer a cadea epidemiolóxica das enfermidades transmisibles máis frecuentes e as actividades preventivas a levar a cabo para evitar esta transmisión.
- Describir e explicar, nun caso práctico, as pautas básicas sobre os coidados e control en distintas enfermidades crónicas.
- Describir e explicar, nun caso práctico, as normas básicas sobre prevención de doenzas infecciosas.
- Establecer pautas elementais de alimentación axeitadas as necesidades dun usuario debidamente tipificado
- Clasificar as principais drogas de abuso en función do seu perigo, a súa adicción, os seus efectos secundarios, etc.e identicar as pautas de actuación educativa en situacións de drogodependencia.
- Coñecer os diferentes tipos de riscos no laboratorio, as normas de prevención dos mesmos, así como as normas básicas de hixiene, desinfección e esterilización.
- Preparar a área de traballo para as actividades analíticas a desenvolver na aula-taller, manter a orde e a limpeza durante a realización das mesmas e deixar a área de traballo en condicións óptimas tras finalizar o procedemento.
- Identificar os tipos de mostras biolóxicas máis frecuentemente empregadas nos controis analíticos nas farmacias, así como os recipientes a utilizar, as condicións previas dos usuarios segundo o tipo de determinación e as condicións de conservación das mesmas.

- Aplicar correctamente as medidas de seguridade e hixiene na toma de mostras de sangue capilar
- Realizar análisis sinxelas sobre mostras de sangue capilar (glucosa, colesterol, triglicéridos...) e ouriños, manexando con coidado e precisión os equipos e instrumentos e aplicando correctamente as medidas de seguridade e hixiene requiridas.
- Interpretar correctamente os resultados obtidos nos distintos controis analíticos.
- Coñecer os distintos tipos de residuos xerados no laboratorio e a súa correcta eliminación, segregando de xeito adecuado os residuos nas determinacións analíticas realizadas.
- Limpar e desinfectar, seguindo os protocolos, os diferentes instrumentos e equipos empregados nas medicións.
- Coñecer os distintos tipos de probas rápidas dispoñibles nas oficinas de farmacia e describir o xeito correcto de uso por parte dos usuarios.
- Coñecer os fundamentos da psicoloxía xeral e evolutiva e os principais mecanismos de defensa da personalidade.
- Coñecer os principais tipos de disfunción do comportamento, a súa etioloxía e clínica.
- Coñecer a etioloxía da ansiedade e do estrés e o xeito de controlalos.
- Describir a influencia das diferentes etapas da vida e as diferentes enfermidades na psicoloxía das persoas.
- Identificar os hábitos de vida saudables para a muller antes, durante e despois do embarazo.
- Describir os aspectos psicolóxicos derivados do padecemento dunha enfermidade crónica, para o paciente e para a súa familia.
- Describir os aspectos psicolóxicos derivados dunha enfermidade incurabel para o paciente e a súa familia, así como o proceso de adaptación a fase terminal da mesma
- Coñecer qué e o SIDA, identificando os mecanismos de prevención.
- Coñecer e aplicar correctamente en casos teórico-prácticos as diferentes estratexias de apoio psicolóxico aos usuarios/pacientes ou ós seus familiares.

Criterios de cualificación:

-Proba teórica: Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, esixirase superar a proba con unha puntuación de 5 puntos.

-Proba práctica: Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, esixirase superar a proba con unha puntuación de 5 puntos.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, entre un e dez, sen decimais, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A cualificación será de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Consistirá nunha proba escrita de preguntas curtas e/ou tipo test (poderán ser de resposta única ou de resposta múltiple)
No caso das respostas múltiples, deben marcarse todas as opcións correctas para que que se puntúe a pregunta.
As preguntas test mal contestadas puntuarán negativo.Cada 3 respostas incorrectas descontarase unha correcta.
As preguntas non respondidas e as preguntas curtas, de ser o caso, non puntuarán negativamente.
A duración da proba teórica será como máximo de 2 h.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro. Non se poderá empregar ningún tipo de corrector.
Non se permitirá o uso de móbiles nin dispositivos electrónicos.
Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas que non superen a primeira parte da proba non poderán presentarse á segunda parte da proba e serán cualificadas cun 0 nesta segunda parte.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos e/ou simulacións e/ou identificación e valoración de imaxes relacionados cunha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
A cualificación será de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A duración da proba práctica será como máximo de 2 h.
Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro. Non se poderá empregar ningún tipo de corrector.
Permitirase o uso de calculadora en caso necesario.
Non se permitirá o uso de móbiles nin dispositivos electrónicos.
Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa

ANEXO III

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS